



PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Vista a aprobación definitiva da modificación de crédito na modalidade de crédito extraordinario número 2/2026 financiado con baixas por anulación, publicada no BOP núm. 127 do 08.07.2026, mediante a cal se crean no estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2026 as aplicacións orzamentarias para a concesión das seguintes subvencións nominativas:

Programa: 231 ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA

APLICACIÓN	IMPORTE	DESCRICIÓN
231.48003	1.500,00 €	SUBVENCION LOA. AXUDA DE ALIMENTOS A PERSOAS/FAMILIAS VULNERABLES
231.48004	1.500,00 €	SUBVENCION CARITAS. AXUDA DE ALIMENTOS A PERSOAS/FAMILIAS VULNERABLES
231.48005	3.000,00 €	SUBVENCION CRUZ ROJA. INTERVENCION TECNICO PROFESIONAL CON VECIÑOS EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL

Programa: 323 FUNCIONAMENTO DE CENTROS DE ENSINANZA PREESCOLAR E PRIMARIA

APLICACIÓN	IMPORTE	DESCRICIÓN
323.48001	3.123,33 €	SUBVENCION ANPA O CAMPO CEIP SANTA IRENE. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN
323.48002	1.393,14 €	SUBVENCION ANPA NEBRA. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN
323.48003	2.336,88 €	SUBVENCION ANPA COIRA. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN
323.48004	1.797,60 €	SUBVENCION ANPA AS FURNAS. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN
323.48005	269,64 €	SUBVENCION ANPA DE CAAMAÑO. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN
323.48006	1.078,56 €	SUBVENCION ANPA CAMPANARIO BAROÑA. ACTIVIDADES E SERVIZOS DE CONCILIACIÓN

Programa: 341 PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE

APLICACIÓN	IMPORTE	DESCRICIÓN
341.48005	2.400,00 €	SUBV. ADC ARNELA. LIGA DE ORIENTACIÓN, CIRCUITO GALEGO DE ORIENTACION E ESCOLA DE ORIENTACIÓN
341.48006	2.000,00 €	SUBV. PORTO DO SON C.F.TEMPADA 2025-2026. FUTBOL 2ª REXIONAL
341.48007	3.800,00 €	SUBV. PORTO DO SON C.F.TEMPADA 2025-2026. ESCOLA DE FUTBOL BASE
341.48008	2.000,00 €	SUBV. SONNOIA.TEMPADA 2025-2026. ESCOLA DE FUTBOL FEMENINA
341.48009	1.000,00 €	SUBV. SOCIEDADE DE CAZADORES DE PORTO DO SON. CONSERVACION E REPOBOAMENTO DOS BOSQUES AUTÓCTONOS, SOLTA DE PERDICES.
341.48010	1.500,00 €	SUBV. U.D.QUEIRUGA.TEMPADA 2025-2026. CATEGORIA 3ª REXIONAL
341.48011	2.000,00 €	SUBV. S.D. XUÑO. TEMPADA 2025-2026. 2ª REXIONAL
341.48012	800,00 €	SUBV. NEBRA C.F.TEMPADA 2025-2026. 2ª AUTONÓMICA DE SANTIAGO DE VETERÁNS
341.48013	2.500,00 €	SUBV. REAL CLUB NAUTICO DE PORTOSIN. EVENTOS NÁUTICO DEPORTIVOS
341.48014	1.500,00 €	SUBV. INTERNATIONAL TREKKERS. OS 100 DO BARBANZA

Vista a Base 47ª das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Porto do Son para o exercicio 2026, reguladora do réxime das subvencións, segundo a cal as subvencións concedidas con cargo ao Orzamento Xeral do Concello se outorgan conforme aos principios de publicidade, concorrência competitiva, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, admitindo a concesión en réxime de concorrência competitiva ou mediante concesión directa.

Asemade, a citada Base 47ª, establece que no Orzamento municipal poderán contemplarse subvencións nominativas mediante aplicación orzamentaria individualizada para cada beneficiario e que, unha vez habilitado crédito no orzamento vixente ou entrada en vigor a correspondente modificación orzamentaria de competencia plenaria, poderá levarse a cabo a tramitación das subvencións nominativas a instancia de parte, regulándose estas mediante convenio ou acordo de concesión, debendo constar no expediente a documentación preparatoria correspondente e a acreditación de que o beneficiario se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Vista a Base 48ª das Bases de Execución do Orzamento, reguladora da xustificación e pagamento das subvencións, segundo a cal para o aboamento das mesmas será indispensable acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como presentar a documentación xustificativa da actividade subvencionada nos termos previstos nas citadas bases e na Lei Xeral de Subvencións,





establecéndose igualmente a obriga de tramitar, se é o caso, o correspondente expediente de reintegro cando non se cumpra o deber de xustificación.

Esta alcaldía, no uso das súas atribucións

DISPÓN

Primeiro.- Iniciar o expediente administrativo para a concesión directa das subvencións nominativas anteriormente relacionadas, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nas Bases 47ª e 48ª das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Porto do Son para o exercicio 2026.

Segundo.- Que pola Intervención Municipal se emita certificación acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente e se proceda á expedición dos correspondentes documentos contables de retención de crédito (RC).

Terceiro.- Que se incorporen ao expediente os informes e a documentación preceptiva previstos na normativa reguladora das subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento, continuándose a súa tramitación ata a resolución de concesión, a súa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións e, de ser o caso, a formalización dos correspondentes convenios.

En Porto do Son, na data de sinatura dixital.

O Alcalde,
Asdo. José Luís Oujo Pouso.

